

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 20 de outubro de 2006 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 214, do martes 7 de novembro de 2006, é necesario efectuar a seguinte rectificación:

Onde di: «Sétima.-O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha solicitude», debe dicir: «Sétima.-O prazo de presentación de solicitudes e documentos será do vinte e dous de novembro ao once de decembro de 2006, ambos os dous incluídos. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha solicitude».

*Corrección de erros.-Orde do 20 de outubro de 2006 pola que se convoca concurso de traslados de ámbito nacional entre funcionarios do corpo de mestres.*

Advertida unha omisión na referida orde publicada no DOG nº 210, do 31 de outubro de 2006, debe facerse a seguinte modificación.

Na páxina 16.057, punto 2, da base terceira, participación obrigatoria, debe engadirse ao final do dito punto 2 o seguinte:

«Os funcionarios en prácticas participan con cero puntos».

*Orde do 31 de outubro de 2006 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de seis postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 1 de setembro de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 175, do 11 de setembro).*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de seis postos de traballo vacantes na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante Orde do 1 de setembro de 2006, DOG nº 175, do 11 de setembro.

Esta consellería, no uso das facultades e atribucións conferidas polos artigos 15.4º e 27.2º da Lei

da función pública de Galicia, e os artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo,

### RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicar destino, nos postos de traballo que se indican, aos/ás funcionarios/as que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no actual destino do/a funcionario/a que obtivo a praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión da praza adxudicada deberá realizarse no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, se se trata da mesma localidade en que presta os seus servizos o funcionario, ou no prazo dun mes se se trata de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde cause alta o funcionario, realizará, dentro dos prazos sinalados nos puntos anteriores, a dilixencia de toma de posesión e seguidamente levaranse a cabo os trámites necesarios para a entrada en nómina.

Da dilixencia efectuada darase traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación  
e Ordenación Universitaria

### ANEXO I

Apelidos e nome: Torres Salgado, María Perpetuo Socorro.

Nº rexistro persoal: 3523083868A205F.

Corpo ou escala: xestión da Xunta de Galicia, escala finanzas.

Grupo: B.

Posto de traballo: xefa do Servizo de Coordinación Administrativa.

Código: ED.C02.00.000.15770.095.

Nivel: 28.

Centro directivo: Secretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.